

BECAS NEAE

Aberto o prazo de solicitude para as axudas de alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o curso 24/25

CEIP PLURILINGÜE A CRISTINA
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Prazo de presentación de solicitudes

A convocatoria para o curso 24/25 publicouse o 12 de abril do 2024 e pódese solicitar **DENDE O 30 DE ABRIL AO 13 DE SETEMBRO DE 2024, AMBOS INCLUSIVE.**

Que debo presentar no centro educativo

- Solicitude CUBERTA E ASINADA da beca.
- Certificado grao de discapacidade.
- Informe médico actualizado.
- Presuposto do gabinete (psicopedagóxico, logopédico e/ou psicolóxico) ao que acudirá o/a alumno/a.

Como fago a solicitude

Todo o proceso de solicitude da beca **realízase pola Sede Electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional**. Unha vez cuberto, terás que **imprimir o formulario de solicitude (PDF) e presentalo no centro educativo** de non ter certificado electrónico.

<https://sede.educacion.gob.es/portada.html>

Tamén a renta do ano 2023, se non autorizas a revisión telemática.

Toda a información en:

<https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas.html>

Que axudas hai este ano?

Lembra que cando fagas a solicitude, non tes que indicar cales destas axudas ou subsidios vas a precisar.

A Administración comprobará a que axudas ou subsidios tes dereito cando examine todos os requisitos que se cumpren.

NOVIDADES DESTE ANO!

- **Incremento do 5% do umbral de renda** familiar establecido para poder acceder ás axudas.
- Diminución ao **25% do grao mínimo de discapacidade requerido**.

Axudas directas

Para os alumnos, incluíndo ao alumnado con TDAH, que requiran por un periodo da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas esoecíficas derivadas da súa discapacidade, de trastornos graves de conduta ou de trastornos graves da comunicación e da linguaxe asociados a necesidades educativas especiais.

Tamén poderá ser beneficiario o alumnado con TEA non incluído no parágrafo anterior e que requira destes apoios ou atencións especiais.

Axudas para o alumnado con altas capacidades intelectuais

Axudas para programas específicos complementarios á educación reglada.

Subsidios nos casos de familias numerosas

Para alumnado con necesidades educativas especiais derivadas da súa discapacidade ou trastornos graves de conduta ou trastornos graves da comunicación e da linguaxe asociado a necesidades educativas especiais para familias numerosas.

Tamén poden ser beneficiarios alumnos con TEA pertencentes a familias numerosas.

Subsidio de cuantía fixa

Subsidio de cuantía fixa para gastos adicionais de carácter xeral derivados da escolarización dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo asociada a discapacidade, trastornos graves de conduta ou trastornos graves da comunicación e da linguaxe.

Tamén poderá ser beneficiario de este subsidio o alumnado con TEA non incluído no parágrafo anterior e que requira destes apoios e atencións específicas e o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociado ás altas capacidades intelectuais.

**Para o subsidio de familias numerosas e o subsidio de cuantía fixa non se requirirá cumprir requisitos económicos.*